

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO PARA TRAMITAR E APROBAR CONVENIOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

(Aprobada en Consello de Goberno, o día 10-10-2016 e modificada o día 01-02-2022)

PREÁMBULO

Entre os fins prioritarios da Universidade de Vigo están acadar as máximas cotas de calidade na docencia e na investigación; facilitarlle ao estudantado a realización de actividades que lle permitan o seu achegamento ao mundo profesional; procura de novos coñecementos e a súa transferencia á sociedade; promover a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes; fomentar e difundir a difusión do coñecemento e da cultura, así como afondar na cooperación universitaria para o desenvolvemento e a transformación social e cultural.

O establecemento de convenios con outras entidades públicas e privadas é unha vía preferente para conseguir os dos devanditos obxectivos, como queda recollido na lexislación universitaria.

Así, o artigo 2.j) da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, considera parte esencial da autonomía das universidades “*o establecemento de relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais*”.

Esta facultade recoñécese no artigo 7 n) dos Estatutos da Universidade de Vigo (DOGdo 02/02/2010) que habilita á universidade para “*o establecemento de relacións académicas, culturais ou científicas con institucións españolas ou estranxeiras e fomentar os correspondentes intercambios*.”

A actividade regulada a través de convenios da Universidade de Vigo está a experimentar un considerable incremento como consecuencia da crecente presenza da Universidade na sociedade, establecendo vínculos co mundo empresarial, cultural e institucional, e o seu continuo proceso de internacionalización. Isto fai necesaria unha adecuación da normativa que regula o procedemento de tramitar e aprobar convenios.

Por outra banda, a entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 do outubro, de réxime xurídico do sector público inclúe aspectos novos en relación co establecemento de convenios que se deben recoller nesta actualización.

PRIMEIRA. ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento aplicarase a todos os convenios de colaboración que subscriba a Universidade de Vigo tanto con entidades de dereito público coma con persoas de dereito privado, xa sexan nacionais ou estranxeiras. Exclúense da súa aplicación:

- Os contratos regulados pola normativa de contratación do sector público.
- Os concertos con institucións sanitarias previstos no Real decreto 558/1986, de 28 de xuño.
- Os convenios para adscribir centros que impartan ensinanzas universitarias.
- Os convenios entre universidades para constituír departamentos interuniversitarios.
- Os acordos previstos no artigo 20 dos Estatutos da Universidade de Vigo, subscritos para adscribir á Universidade de Vigo institutos ou centros de investigación ou creación artística de carácter público ou privado.
- Os acordos de adscrición de colexios ou residencias universitarias, públicas ou privadas, á Universidade de Vigo, consonte o previsto na disposición adicional quinta da L.O.U.
- Outros convenios que estean suxeitos á súa normativa específica.

SEGUNDA. OBXECTO

2.1. Os convenios de colaboración poderán ter calquera obxecto ou finalidade sempre que se atope comprendido dentro dos fins atribuídos á Universidade de Vigo pola L.O.U. e os estatutos, considéranse incluídos os acordos que teñan por obxecto o desenvolvemento de investigacións, accións ou programas formativos; o intercambio do profesorado, do persoal de administración e servizos e do alumnado; a realización de prácticas destes últimos; a realización de actividades culturais ou deportivas; a prestación de servizos necesarios para a comunidade universitaria, como os sanitarios ou de transporte; a realización de actividades para o recoñecemento de créditos, así como calquera outro obxecto ou finalidade de carácter análogo.

2. 2. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados pola normativa de contratación do sector público.

TERCEIRA. REQUISITOS

3.1. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

3.2. A xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos derivados

dos convenios que inclúan compromisos financeiros para a Universidade, así como cos fondos comprometidos en virtude dos citados convenios, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

3.3. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, e quen os subscriban terá capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

3.4. As achegas financeiras que se comprometan a realizar as persoas asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

3.5. Cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable.

CUARTA. CONTIDO

4.1.- Os convenios deberán conter, polo menos, as seguintes materias:

- a) Partes concertantes, con indicación expresa dos datos identificativos da entidade, así como o nome, a responsabilidade, o cargo e a capacidade suficiente que desempeña quen asina como representante desta.
- b) Xustificación da necesidade do convenio, constará o carácter non contractual da actividade en cuestión.
- c) Normativa de aplicación.
- d) Descrición do obxecto do convenio que inclúa os obxectivos e os ámbitos materiais do réxime de colaboración, así como as actuacións que se realizarán por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
- e) Actuacións previstas e compromisos das partes.
- f) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbese, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.
- g) No caso de obrigas de contido económico, expresarse o concepto orzamentario con cargo ao cal vai financiarse.
- h) Consecuencias aplicables no caso de incumprir as obrigas e os compromisos asumidos por cada unha das partes e, no seu caso, os criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.
- i) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polas persoas asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que podan presentarse respecto dos convenios.
- k) Prazo de vixencia, tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios terán unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos.

2º. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, quen asine convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un único período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

3º. Exceptúanse do previsto nos dous puntos anteriores os seguintes convenios, que poderán ter unha duración superior, dada a súa natureza:

- i. Os convenios asinados ao abeiro do artigo 34 da Lei da ciencia, tecnoloxía e innovación.
- ii. Os convenios marco de colaboración.
- iii. Os convenios para a creación de cátedras institucionais.
- iv. Os convenios asinados, ao abeiro de previsto no artigo 88 dos Estatutos da Universidade de Vigo, para a contratación de lectores ou lectoras.
- v. Os convenios de mobilidade de estudantado e profesorado nos que a outra entidade teña regulamentada a exixencia dunha duración superior.
- vi. Os convenios que instrumenten a implantación de títulos conxuntos.
- vii. Os convenios de adscrición.
- viii. Os convenios de cooperación educativa para prácticas académicas externas.

l) Data de entrada en vigor, forma e prazos de denuncia.

m) Efectos da extinción do convenio sobre as actividades ou actuacións en curso.

n) Carácter administrativo e sometemento á xurisdición contencioso-administrativa das posibles cuestións litixiosas xurdidas sobre o seu contido e aplicación.

4.2. O convenio irá acompañado dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade (**anexo I**), o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.3. Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades públicas ou privadas con sede na comunidade autónoma de Galicia redactaranse en galego e adicionalmente, se é o caso, na lingua ou linguas oficiais da outra ou outras entidades asinantes.

Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades do estranxeiro ou doutras comunidades autónomas redactaranse en galego e na lingua ou linguas oficiais da outra entidade asinante.

QUINTA. TIPOS

5.1. Os convenios de colaboración poderán ser dos seguintes tipos:

- a) Convenios completos de colaboración: non precisan posteriores textos de desenvolvemento, pois esgotan en si mesmos a regulación do compromiso de que se trate.
- b) Convenios marco ou memorandos de entendemento: poderán desenvolverse mediante convenios ou acordos específicos.
- c) Convenios específicos de colaboración: desenvolven un convenio marco. Estes convenios poderán aparecer denominados con distinta terminoloxía: addenda, protocolos.....

5.2. Os convenios ou os acordos específicos que desenvolvan os “convenios marco” ou “memorandos de entendemento” rexeranse polas súas propias cláusulas, respectando en todo caso as disposicións do convenio orixinal.

5.3. A Universidade poderá aprobar no Consello de Goberno determinados modelos tipo de convenio, de xeito que se garanta que nunha mesma materia se realicen os mesmos tipos de acordos, asegurando así a uniformidade de actuación.

Unha vez aprobado o convenio-tipo, non será necesario aprobar individualmente cada un dos convenios que se deriven deste, nin sometelo aos controis previos que se establecen nesta normativa.

SEXTA. PROCEDIMENTO DE APROBACIÓN

6.1.- Iniciativa e documentación adxunta

6.1.1. Terán iniciativa para propoñer a sinatura dun convenio ou a adhesión a un xa asinado a Reitoría, as vicerreitorías, a Secretaría Xeral, e a Xerencia.

6.1.2. Calquera membro da comunidade universitaria, e os centros e os departamentos da Universidade de Vigo, poderán solicitarlle ás vicerreitorías competentes por razón da materia que propoñan a sinatura dun convenio no ámbito das súas respectivas competencias.

A persoa propoñente será a encargada da proposta inicial, coa redacción do texto do convenio que tomará como base, na medida do posible, os “convenios-tipo” existentes sobre a materia. Unha vez revisado pola vicerreitoría propoñente, a proposta inicial remitiráselle á Secretaría Xeral xunto co **anexo I** debidamente cuberto, entendéndose que a citada proposta está informada favorablemente pola vicerreitoría de que se trate.

6.2.- Tramitación

6.2.1. En primeiro lugar, a Secretaría Xeral comprobará que non existe un convenio en vigor sobre o mesmo obxecto e coa mesma persoa física ou xurídica coa que se pretende subscribir este. Posteriormente solicitará os informes previstos no apartado seguinte.

6.2.2. Se como consecuencia dos informes fose preciso modificar a proposta de convenio, a Secretaría Xeral remitiralle unha copia deste ao órgano proponente, que se encargará de facer os cambios que estimen oportunos.

6.2.3. As modificacións do convenio introducidas con posterioridade á realización dos informes poderá requirir un novo pronunciamento dos órganos informantes.

6.2.4. Tras superar os trámites establecidos nos parágrafos anteriores, a Secretaría Xeral da Universidade de Vigo remitiralle o convenio ao órgano competente para a súa aprobación e sinatura.

6.3.- Informes

Antes de asinar e, no seu caso, aprobar os convenios, a Secretaría Xeral deberá solicitar os informes que se relacionan a continuación:

6.3.1.- Deberáselle solicitar informe ao Servizo de Asesoría Xurídica, que valore os aspectos de legalidade, agás cando se trate dun convenio baseado nun modelo de “convenio-tipo” previamente aprobado. Este informe ten carácter vinculante, de xeito que, se de acordo co ditame xurídico, o proxecto de convenio resulta contrario á legalidade, non poderá continuarse coa súa tramitación. Se, doutra parte, o ditame considera que o texto ten vicios que se poden emendar, procederase, con anterioridade á súa aprobación e sinatura, a realizar as modificacións pertinentes sinaladas pola Asesoría Xurídica.

6.3.2.- Segundo as características específicas da proposta de convenio poderán solicitarse ademais:

- Informe ao Servizo de Control Interno, no caso de recoller compromisos de carácter económico ou financeiro para a Universidade de Vigo.

- Informe da Xerencia, no caso de recoller compromisos de carácter patrimonial para a Universidade de Vigo.

- Informe a outras vicerreitorías ou servizos que se vexan afectados na súa competencia tendo en conta a materia do convenio.

6.4.- Aprobación e sinatura

6.4.1. O reitor ou reitora, ou vicerreitor ou vicerreitora en quen delegue, asinará os convenios, sendo precisa a aprobación dos mesmos polo Consello de Goberno nos casos que, polo seu contido, así o especifiquen os estatutos da Universidade de Vigo.

6.4.2. Os convenios serán asinados, en todas as súas páxinas, polas institucións ou entidades coas que se formalicen e polo reitor ou reitora ou o vicerreitor ou vicerreitora no que expresamente delegou. Poderán asinarse de forma conxunta ou separada. Asinaranse tantos exemplares do convenio coma partes asinantes do mesmo. Ademais, deberá quedar un exemplar baixo a custodia de cada unha das partes. No caso da Universidade de Vigo os orixinais remitiranse á Secretaría Xeral.

6.5. Modificación

A modificación dun convenio requirirá o acordo unánime das persoas asinantes.

6.6. Extinción

6.6.1. Os convenios extinguiranse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

6.6.2. Son causas de resolución:

- a. O paso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b. O transcurso do prazo máximo da súa vixencia incluído o período de prórroga establecido na lei.
- c. O acordo unánime de todas as persoas asinantes.
- d. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das persoas asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificarlle á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento comunicaráselle ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se logo de transcorrer o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixe notificaralle ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización polos prexuízos causados se así se prevé no convenio.

- e. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

- f. Por calquera outra causa distintas das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6.7. Efectos da resolución

6.7.1. A resolución dos convenios dará lugar á súa liquidación co obxecto de determinar as obrigas e os compromisos de cada unha das partes.

6.7.2. No suposto de convenios dos que se deriven compromisos financeiros, entenderanse cumpridos cando o seu obxecto se realizase nos termos e a satisfacción de ambas partes, de acordo coas súas respectivas competencias, tendo en conta as seguintes regras:

- a. Se da liquidación resultase que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fose inferior aos fondos que a mesma recibise do resto das partes do convenio para financiar a citada execución, aquela deberá reintegrarlles a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes desde que se aprobase a liquidación.

Logo de transcorrer o prazo máximo dun mes, mencionado no apartado anterior, sen que se producise o reintegro, deberá aboárselles a ditas partes, tamén no prazo dun mes contado dende ese momento, o interese de demora aplicable ao citado reintegro, que será en todo caso o que resulte das disposicións de carácter xeral reguladoras do gasto público e da actividade económica-financeira do sector público.

- b. Se fose superior, o resto de partes do convenio, no prazo dun mes desde a aprobación da liquidación, aboará á parte de que se trate a diferenza que corresponda a cada unha delas, co límite máximo das cantidades que cada unha delas se compromete a aportar en virtude do convenio. En ningún caso as partes do convenio terán dereito a exixirlle ao resto unha contía que supere os citados límites máximos.

6.7.3. Non obstante o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e ao remate das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Unha vez transcorrido este realizase a liquidación nos termos establecidos no apartado anterior.

6.8. Remisión de convenios ao Consello de Contas

6.8.1. Dentro dos tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos

compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros, estes deberán remitirse electronicamente ao Consello de Contas.

6.8.2. Igualmente comunicaránselle ao Consello de Contas as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteracións dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción dos convenios indicados.

SÉTIMA. DENUNCIA

A denuncia dun convenio deberá ser aprobada e asinada polo reitor ou reitora.

OITAVA. REXISTRO E PUBLICIDADE

8.1.- Na Secretaría Xeral existirá un rexistro de convenios que conterá a relación de todos os que se formalicen en aplicación destas normas de procedemento, así como a documentación correspondente.

8.2.- Na páxina web da Universidade relacionaranse todos os convenios vixentes. En todo caso, remitiráselle unha copia do convenio ao órgano proponente, á outra parte asinante do convenio e, no seu caso, ao membro da comunidade universitaria que iniciou o procedemento.

A maiores, se o convenio ten implicacións económicas para a Universidade, remitiráselle copia á vicerreitoría con competencias en economía, á Xerencia e ao Servizo de contabilidade.

8.3.- Mensualmente a Secretaría Xeral informará ao Consello Social de todos os convenios que subscriba a Universidade ao abeiro deste procedemento.

NOVENA

Por razóns de urxencia, oportunidade ou conveniencia, o reitor ou reitora ou o vicerreitor ou vicerreitora en que expresamente delegue, poderá asinar convenios sen ter que cumprir os trámites previstos nesta normativa. En calquera caso, é preceptiva a remisión destes convenios á Secretaría Xeral.

DÉCIMA

10.1. Todos os convenios vixentes con anterioridade ao día 2 de outubro de 2016 deberán adaptarse ao previsto nesta normativa no prazo de tres anos contados a partir do día 2 de outubro de 2016.

10.2. Todos os convenios vixentes con anterioridade ao día 2 de outubro de 2016 que teñan subscrita unha prórroga tácita por tempo indefinido, terán unha vixencia dun máximo de catro anos contados a partir do día 2 de outubro de 2016.